

Comunidade autónoma	Provincia	Municipio
Castilla y León.	León.	Santa Colomba de Somoza.
Castilla y León.	León.	Sena de Luna.
Castilla y León.	León.	Soto y Amio.
Castilla y León.	León.	Valdelugueros.
Castilla y León.	León.	Vecilla, La.
Castilla y León.	León.	Vegaquemada.
Castilla y León.	León.	Villafranca del Bierzo.
Castilla y León.	León.	Villamanín.
Castilla y León.	Palencia.	Aguilar de Campoo.
Castilla y León.	Palencia.	Brañosera.
Castilla y León.	Palencia.	Congosto de Valdavia.
Castilla y León.	Palencia.	Dehesa de Montejo.
Castilla y León.	Palencia.	Mantinos.
Castilla y León.	Palencia.	Muda.
Castilla y León.	Palencia.	Olmos de Ojeda.
Castilla y León.	Palencia.	Payo de Ojeda
Castilla y León.	Palencia.	Polentinos.
Castilla y León.	Palencia.	Respenda de la Peña.
Castilla y León.	Palencia.	Salinas de Pisuerga.
Castilla y León.	Palencia.	San Cebrián de Muda.
Castilla y León.	Palencia.	Triollo.
Castilla y León.	Palencia.	Villalba de Guardo.
Cataluña.	Barcelona.	Avia.
Cataluña.	Barcelona.	Baga.
Cataluña.	Barcelona.	Capolat.
Cataluña.	Barcelona.	Castellar del Riu.
Cataluña.	Barcelona.	Cercs.
Cataluña.	Barcelona.	Figols.
Cataluña.	Barcelona.	Gisclareny.
Cataluña.	Barcelona.	Guardiola de Berguedá.
Cataluña.	Barcelona.	Olvan.
Galicia.	A Coruña.	A Capela.
Galicia.	A Coruña.	As Somozas.
Galicia.	A Coruña.	Carballo
Galicia.	A Coruña.	Carral.
Galicia.	A Coruña.	Culleredo.
Galicia.	A Coruña.	A Laracha.
Galicia.	A Coruña.	Mañón.
Galicia.	A Coruña.	Monfero.
Galicia.	A Coruña.	Ordes.
Galicia.	A Coruña.	Ortigueira.
Galicia.	A Coruña.	San Sadurniño.
Galicia.	A Coruña.	Tordoia.
Galicia.	Lugo.	Muras.
Galicia.	Lugo.	Xermade.

XEFATURA DO ESTADO

16476 CORRECCIÓN de errores da Lei 10/2007, do 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas. («BOE» 224, do 18-9-2007.)

Advertido erro na Lei 10/2007, do 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 17, do 2 de xullo de 2007, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 2242, disposición derradeira primeira. Modificacións da Lei de propiedade intelectual, onde di: «Cadro. Engádese unha disposición transitoria décimo novena coa seguinte redacción:», debe dicir: «Cadro. Engádese unha disposición transitoria vixésima coa seguinte redacción».

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

16478 REAL DECRETO 1110/2007, do 24 de agosto, polo que se aproba o Regulamento unificado de puntos de medida do sistema eléctrico. («BOE» 224, do 18-9-2007.)

A aplicación da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, exixe, de modo necesario, a implantación dun sistema de medidas homoxéneo e efectivo dos tránsitos de enerxía entre as diversas actividades eléctricas.

Así, a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, establece os dereitos e obrigas básicos para os diferentes suxeitos en relación coa medición da subministración, así como no control da calidade da subministración eléctrica.

Este real decreto apóiese, principalmente, na prevención contida na alínea c) do artigo 26.2, a alínea f) do artigo 41.1, e 48.1 da Lei do sector eléctrico, tras a modificación operada pola Lei 17/2007, do 4 de xullo, en canto establecen obrigas a cargo dos suxeitos do sistema relacionadas coa medición da subministración.

O sistema de medidas previsto neste regulamento constitúe un elemento básico necesario para o funcionamiento dun mercado aberto e para efectuar a liquidación da enerxía, dado que é necesaria a existencia dun sistema que permita a medición dos consumos e dos tránsitos de enerxía entre os diferentes suxeitos e actividades eléctricas.

Este sistema permitirá, ademais, que a estrutura de prezos da enerxía teña como referencia os custos reais de subministración, facendo posible que a demanda de electricidade poida desempeñar un papel moi activo no funcionamiento do mercado eléctrico.

O Real decreto 2018/1997, do 26 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de puntos de medida dos consumos e tránsitos de enerxía eléctrica, permitiu establecer un réxime homoxéneo de medidas, coa finalidade de garantir que a libre competencia se desenvolvese en igualdade de condicións para todos os axentes do sistema eléctrico nacional. Neste real decreto establecíanse as características do sistema de medidas, dos equipamentos dos sistemas e protocolos de comunicacións, e ademais procedementos necesarios para o correcto funcionamento do proceso de medidas.

O avance no proceso de liberalización do mercado fixo necesario modificar o Real decreto 2018/1997, do 26 de decembro, para permitir o exercicio da liberdade de elección dos novos consumidores cualificados, facendo posible a integración nun só equipamento e un único proceso dos datos necesarios para a liquidación da enerxía e das tarifas de acceso. Esta modificación realizouse mediante o Real decreto 385/2002, do 26 de abril, mantendo no fundamental o seu articulado, e facendo nel soamente as reformas imprescindibles para conseguir a evolución do sistema de medidas.

A liberalización total da subministración desde o 1 de xaneiro de 2003 propiciou que no Real decreto 1433/2002, do 27 de decembro, polo que se establecen os requisitos de medida en baixa tensión de consumidores e centrais de producción en réxime especial, se recolleesen os requisitos exixibles ás instalacións e equipamentos de medida situados en fronteiras cuxa medida se realizase directamente en baixa tensión, así como a definición de dereitos e obrigas dos diversos axentes implicados.

O Consello de Ministros, na súa reunión do día 25 de febreiro de 2005, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda e dos